



Teaching Guide

Identifying Data					2015/16
Subject (*)	Ideoloxía política e diccionario	Code	613436021		
Study programme	Mestrado Universitario en Lingüística e as súas Aplicacións				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Official Master's Degree	2nd four-month period	First	Optativa	3	
Language					
Teaching method	Face-to-face				
Prerequisites					
Department					
Coordinador		E-mail			
Lecturers		E-mail			
Web					
General description	A materia ten como principal obxectivo achegar aos discentes a análise ideolóxica do discurso lexicográfico.				

Study programme competences / results

Code	Study programme competences / results
A1	O alumnado coñecerá e será capaz de aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística.
A2	O alumnado coñecerá as correntes actuais da lingüística.
A4	O alumnado será capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos á práctica.
A7	O alumnado dominará aspectos teóricos e prácticos relacionados coa investigación lexicográfica.
A10	O alumnado dominará aspectos teóricos e prácticos relacionados coa investigación en análise do discurso.
B2	O alumnado será capaz de integrar coñecementos de campos de estudo diversos.
B3	O alumnado aprenderá a aprender, de forma autónoma, como base da súa futura actividade investigadora.
B5	O alumnado adquirirá capacidade para concibir e deseñar proxectos de investigación con rigor académico.
B7	O alumnado adquirirá capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B8	O alumnado será capaz de comunicar oralmente e por escrito con claridade os coñecementos teóricos e aplicados do campo de estudo tanto a audiencias expertas como non expertas.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.

Learning outcomes

Learning outcomes	Study programme competences / results		
Coñecer e saber aplicar os métodos e as técnicas da análise crítica do discurso sobre os textos lexicográficos.	AR1 AR2 AR4	BR2 BR3	
Infundir nos futuros investigadores o espírito crítico e a capacidade de relacionar diferentes materias que se requiren para realizar a análise ideolóxica dos dicionarios.	AR7 AR10	BR3 BR5 BR7	CC4
Dotar ao alumnado non só de perspectiva crítica, tamén dos coñecementos de historia da Lexicografía española e das ferramentas necesarias para que teñan a posibilidade de efectuar análises ideolóxicas en diferentes repertorios de forma autónoma, sistemática e rigorosa.	AR4 AR7	BR8	

Contents

Topic	Sub-topic



Tema 1. Ideoloxía e dicionario. Introducción.	1.1. Aproximación ao concepto "ideoloxía". 1.2. O dicionario como obxecto de estudo: características principais, estrutura, etc. 1.3. Relación entre ideoloxía e dicionario.
Tema 2. Factores que condicionan a presenza de ideoloxía nos dicionarios.	2.1. A tradición. 2.2. O paradigma científico. 2.3. A autoría. 2.4. O contexto.
Tema 3. Xénese da Lexicografía monolingüe española.	3.1. Os primeiros repertorios lexicográficos do español na base da construción e consolidación de tópicos. 3.2. Política e relixión nos primeiros dicionarios do español.
Tema 4. O século XIX: conflito de paradigmas.	4.1. A lexicografía non académica. 4.2. A lexicografía académica.
Tema 5. Os séculos XX e XXI: a hexemonía dos dicionarios da RAE.	5.1. O papel da RAE na consolidación de estereotipos ideolóxicos. 5.2. A lexicografía española e o concepto de panhispanismo. 5.3. A ideoloxía proxectada polos dicionarios monolingües non académicos.
Tema 6. A análise crítica do discurso lexicográfico.	6.1. Recursos de modalización discursiva nos dicionarios. 6.2. O dicionario como arma ideolóxica.

Planning

Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student?s personal work hours	Total hours
Guest lecture / keynote speech		12	24	36
Problem solving		0	14	14
Collaborative learning		3	12	15
Supervised projects		0	9	9
Personalized attention		1	0	1

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies

Methodologies	Description
Guest lecture / keynote speech	Actividade teórica. Consiste na exposición dos contidos xerais da materia co obxectivo de comunicar coñecementos e metodoloxías de análise. As explicacións estarán ben estruturadas e contarán con exemplos claros que aseguren a comprensión dos conceptos. Ocasionalmente, a exposición poderá estar acompañada por presentacións. Tamén se comentará a bibliografía recomendada. Ao longo das sesións maxistras os discentes poderán intervir e establecer pequenos debates.
Problem solving	Actividade práctica. Formularanse na aula (durante as sesións presenciais) ou a través da plataforma TEMA unha serie de problemas e exercicios relacionados coa materia. O obxectivo é reflexionar de forma crítica e relacionar teoría e práctica. Tamén constitúe unha actividade básica para reforzar os coñecementos e as metodoloxías de análise que se van adquirindo.
Collaborative learning	Actividade práctica. Durante as horas presenciais propóranse tres tarefas que terán que ser realizadas na aula en colaboración cos compañeiros e co docente. En todas elas terase que aplicar a metodoloxía de análise do discurso aos casos propostos ou a capacidade para resumir as ideas fundamentais dalgún artigo que será previamente lido.
Supervised projects	Actividade teórico-práctica. Promoverase a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor.

Personalized attention

Methodologies	Description
---------------	-------------



Guest lecture / keynote speech Problem solving Supervised projects	Para a realización de traballos e proxectos, así como para a resolución das tarefas propostas na aula, o docente reservará un tempo de atención personalizada co fin de atender e resolver as dúbidas do alumnado. Por ese motivo, recoméndase a consulta individual ou en pequenos grupos durante as horas de titoría, ben nas previamente marcadas no horario oficial do docente, ben nas concertadas posteriormente entre docente e discentes.
---	---

Assessment			
Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
Collaborative learning		Como xa se indicou, durante as horas presenciais proporanse tres tarefas que terán que ser realizadas na aula en colaboración cos compañeiros e co docente. En todas elas terase que aplicar a metodoloxía de análise do discurso aos casos propostos ou a capacidade para resumir as ideas fundamentais dalgún artigo que será previamente lido. Para conseguir a nota máxima deberán realizarse as tres actividades correctamente.	30
Supervised projects		Baixo a tutela do docente, os alumnos e alumnas terán que escoller un tema relacionado coa materia no que profundizarán a través dos coñecementos adquiridos e da metodoloxía proposta co fin de chegar a conclusións novidosas para o ámbito de estudo.	70

Assessment comments
A asistencia regular ás sesións presenciais tamén se valorará positivamente. Posto que o curso pode recibirse a través de videoconferencia, con carácter semipresencial e presencial, recoméndase que os matriculados indiquen ao comezo do curso o tipo de asistencia que terán en relación coas súas obrigas persoais ou profesionais. A forma de avaliación na segunda oportunidade será a través do traballo ou proxecto, que constituirá o 100% da cualificación.

Sources of information



<p>Basic</p>	<p>ALVAR EZQUERRA, MANUEL, De antiguos y nuevos diccionarios del español, Madrid: Arco/ Libros, 2002ARIZA, MANUEL, "Sexo, religión y política en el diccionario de la Real Academia", Interlingüística 11, pp. 11-26, 2001AZORÍN FERNÁNDEZ, DOLORES, Los diccionarios del español en su perspectiva histórica, Publicaciones de la Universidad de Alicante: Colección Monografías, 2000CARO BAROJA, J. , Las formas complejas de la vida religiosa: religión, sociedad y carácter en la España de los siglos XVI y XVII, Madrid: Akal, 1978CASARES, JULIO, Introducción a la Lexicografía moderna, Madrid: CSIC, 1992CORTÉS PEÑA, A. L. (et al.), Religión y poder en la Edad Moderna, Universidad de Granada, 2005ESPARZA TORRES, MIGUEL ÁNGEL, "La lexicografía monolingüe española del siglo XIX: un conflicto de paradigmas?" en Romanistik in Geschichte und Gegenwart 5,1, Hamburg: Helmut Buske Verlag, pp- 49-65, 1999FORGAS BERDET, ESTHER, Diccionarios e ideología? en Interlingüística 17, pp. 2-16, 2007KERBRAT-ORECCHIONI, CATHERINE, La enunciación. De la subjetividad en el lenguaje, Buenos Aires: Hachette, 1986KÖVECSSES, ZOLTÁN, Metaphor in Culture. Universality and Variation, Cambridge University Press, 2005MEDINA GUERRA, ANTONIA M. (coord.), Lexicografía española, Barcelona: Ariel Lingüística, 2003PASCUAL, JOSÉ A. Y OLAGUÍBEL, MARÍA DEL CARMEN, "Ideología y diccionario?", en I Seminario de Lexicografía Hispánica. Diccionarios españoles: contenido y aplicaciones, Jaén, 1991RODRÍGUEZ BARCIA, SUSANA, "Lengua, política y repertorios lexicográficos. El Diccionario esencial de la Lengua Española de la RAE (2006)", Per Abbat, 4, 89-98, 2007RODRÍGUEZ BARCIA, SUSANA, La realidad relativa. Evolución ideológica en el trabajo lexicográfico de la Real Academia Española (1726-2006), Vigo: Servizo de publicacións, 2008SAN VICENTE, FÉLIX, "Política y Lexicografía?", en Echenique, M^a Teresa y Sánchez Méndez, Juan (coord.). 2003. Lexicografía y Lexicología en Europa y América. Homenaje a Günter Haensch, Biblioteca Valenciana, Madrid: Gredos, 615-633, 2003VAN DIJK, TEUN A. , Ideología. Una aproximación multidisciplinaria, Barcelona: Gedisa, 1999VAN DIJK, TEUN A. , Ideología y discurso, Barcelona: Ariel Lingüística, 2003VERGARA HEIDKE, A. , «Luchas por el poder en los discursos del periódico La Nación sobre el caso CCSS-Fischel» , Revista Internacional de Lingüística Iberoamericana, volumen VII (2009), n^o2 (14), pp.185-211, 2009WODAK, RUTH, "Mediation between discourse and society: assessing cognitive approaches in CDA", Discourse Studies 8 (1), 179-190, 2006Ao longo do curso farase indicación explícita das lecturas de carácter obrigatorio.</p>
<p>Complementary</p>	

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Other comments

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.